

## **Presidencia da Audiencia Provincial de Pontevedra**

O presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra é a figura representativa da institución xudicial na provincia. Noméao o Consello Xeral do Poder Xudicial. O seu mandato dura cinco anos. Compatibiliza as tarefas gobernativas e representativas do cargo coa presidencia dunha sección da propia Audiencia.

O presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra é o maxistrado Francisco Javier Menéndez Estébanez.

Nace en Xixón (Asturias) en 1965 e licénciase en Dereito pola Universidade de Oviedo en 1988.

En 1991 ingresa na Carreira Xudicial. Dende 2005 está destinado na Audiencia Provincial de Pontevedra, á que accede como especialista nas materias propias dos órganos do mercantil, pertencendo á primeira promoción. Nos seus máis de dezaioito anos de actividade profesional estivo destinado en Llanes (Asturias), Tolosa (Guipúscoa) e Pontevedra, primeiro no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº4, sendo elixido Decano dos xuíces e xuízas de Pontevedra, ata o seu concurso á Audiencia Provincial de Pontevedra no ano 2005.